



SERCOYSA

PROYECTOS Y OBRAS

Tel: 986 87 65 44 - Fax: 986 87 65 45 | Empresarial "O Campiño" Parcela A-3736158 Marzán, PONTEVEDRA | sercoysa@sercoysa.es



C.N.GALAICO · SERCOYSA

# REGULAMENTO DA VII TRAVESÍA A NADO -PRAIA DE SILGAR-

## CONCELLO DE SANXENXO

Data: 07-08-2010    Hora: 12,00

### ORGANIZACIÓN:

A organización da VII travesía a nado da praia de Xilgar correrá a cargo do Club Natación Galaico-Sercoysa, e está incluída dentro do **CIRCUITO GALEGO DE LONGA DISTANCIA**, e rexirase polas normas que regulan o mesmo e polo presente Regulamento en particular.

### CATEGORÍAS:

#### Percorrido A:

Nadadores: **Federados**  
Distancia **2.500 m.**

Cat.		Nadadores nados no ano:
1	Mas.	1.992 e anteriores
	Fem.	
2	Mas.	1.993 e 1994
	Fem.	
3	Mas.	1.995 e 1996
	Fem.	
4	Mas.	1.997 e 1.998
	Fem.	

## Percorrido B:

Nadadores: **Federados e non federados**  
Distancia **1000 m.**

<b>Nadadores nacidos no ano:</b>		
<b>5</b>	Mas.	1.971 e anteriores
	Fem.	
<b>6</b>	Mas.	1.972 a 1.981
	Fem.	
<b>7</b>	Mas.	1.982 a 1.991
	Fem.	
<b>8</b>	Mas.	1.992 a 1997
	Fem.	
<b>9</b>	Mas.	1.998 e posteriores
	Fem.	

Enténdese por nadador federado o deportista con licenza en vigor na tempada 2009-2010 en calquera Federación de natación ou triatlón.

## PERCORRIDO:

A saída para tódalas categorías será a praia de Silgar (con separación entre percorridos), e consistirá nun triángulo olímpico, con tres boias de obrigado paso para o percorrido A con unha lonxitude de 2.500 m., e dúas para o percorrido B con unha lonxitude de 1000 m. Estas boias quedarán sempre a esquerda do nadador.

A meta é no mesmo lugar de saída, e estará debidamente sinalada.

Os nadadores, adestradores e delegados dos clubs participantes concentraranse na zona de saída as 11,00 horas para a entrega de documentación e recollida de gorros numerados.

## INSCRICIÓN:

As inscricións faranse por escrito remitindo os datos da solitude por fax ou E-mail ao **Club Natación Galaico-Sercoysa**, Complexo Deportivo Rías do Sur, c/Matos s/n – Pontemuíños, 36153-Pontevedra, **Telefono 986 85 35 45, Fax: 986 85 21 89** correo electrónico: **[inscripcion\\_TRAVESIA@cngalaico.com](mailto:inscripcion_TRAVESIA@cngalaico.com)** , web: **[www.cngalaico.com](http://www.cngalaico.com)** , sendo imprescindible a presentación de calqueira documento oficial no que figura a data de nacemento do nadador. Os nadadores non federados menores de 18 anos acompañarán autorización paterna/materna.

A data límite para formalizar as inscricións será o **05 de agosto de 2009**.

A Entidade organizadora resérvase o dereito de aceptar inscricións o mesmo día da proba na praia de Silgar, en sitio habilitado o efecto, ata 1 hora antes da saída.

A inscrición na travesía supón a aceptación do presente regulamento.

## DESENVOLVEMENTO DA PROBA:

A proba estará controlada polo Comité Galego de Arbitros, que resolverá todas as cuestións que se presenten durante o desenvolvemento da mesma. As clasificacións das dúas probas serán confeccionadas polo equipo arbitral da Federación Galega de Natación.

Os nadadores participantes recibirán da Organización un gorro numerado, previa acreditación con algún documento oficial.

A organización poderá pechar a chegada trascorridos 20 minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso os nadadores serán recollidos pola organización e trasladados a meta.

Non se poderán utilizar **aletas, flotadores, neoprenos ou similares. Será de aplicación a regulamentación sobre bañadores Aprobadas no Congreso Mundial, Roma 2009 e no Bureau FINA, Lausana 16.Xaneiro.2010**

## PREMIOS

### Categorías 1 a 4

	Categoría 1		Categoría 2		Categoría 3		Categoría 4	
	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.	Masc.	Feme.	Masc.	Feme.
<b>1º Clasif.</b>	500,00 € Trofeo	500,00 € Trofeo	300,00 € Trofeo	300,00 € Trofeo	200,00 € Trofeo	200,00 € Trofeo	150,00 € Trofeo	150,00 € Trofeo
<b>2º Clasif.</b>	300,00 €	300,00 €	200,00 €	200,00 €	150,00 €	150,00 €	100,00 €	100,00 €
<b>3º Clasif.</b>	200,00 €	200,00 €	150,00 €	150,00 €	100,00 €	100,00 €	80,00 €	80,00 €
<b>4º Clasif.</b>	150,00 €	150,00 €	100,00 €	100,00 €	80,00 €	80,00 €	60,00 €	60,00 €
<b>5º Clasif.</b>	100,00 €	100,00 €	80,00 €	80,00 €	60,00 €	60,00 €	0,50 €	50,00 €
<b>6º Clasif.</b>	80,00 €	80,00 €	60,00 €	60,00 €	50,00 €	50,00 €	00,€	40,00 €
<b>7º Clasif.</b>	60,00 €	60,00 €	50,00 €	50,00 €	40,00 €	40,00 €	00,€	30,00 €
<b>8º Clasif.</b>	50,00 €	50,00 €	40,00 €	40,00 €	30,00 €	30,00 €	00,€	20,00 €

Se o primeiro nadador ou nadadora en cruzar a meta figura inscrito na categoría 2,3 ou 4, a efectos de premio, considerarase o 1º ou 1ª clasificado/a da categoría 1, sen acumular o premio co da súa categoría. Nos demais casos cada nadador levará o premio que lle corresponda ó posto acadado dentro da súa categoría.

### Categorías 5 a 9

Trofeos os tres primeiros clasificados de cada categoría.

NOTA: O Concello de Sanxenxo agasalla ós participantes con camiseta conmemorativa, gorro e bolsa de merenda, que se entregará o rematar a proba.